



## **MOCIÓN DO BNG e FeC EN NOME DA COMISIÓN PRO MEMORIAL DAS VÍTIMAS DO FRANQUISMO EN FERROLTERRA PARA A CONSTRUCIÓN DUN MONUMENTO ÁS VÍTIMAS DO FRANQUISMO**

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e o grupo municipal de FeC , ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **moción** para o seu debate no Pleno da Corporación

### **Exposición de motivos**

Os represaliados e represaliadas pola sublevación militar fascista e a ditadura franquista con resultado de morte pertencentes a 25 concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, nas súas diferentes formas, fusilamentos, aplicación da lei de fugas e os trágicos paseos, moitos deles crimes de lesa humanidade merecen ser lembrados e lembradas evitando que tantas vítimas, durante todo o tempo de pervivencia daquel réxime ditatorial, continúen padecendo a discriminación e a inxustiza e que o paso do tempo leve ao seu esquecemento.

Nuns casos foron vítimas de execucións extraxudiciais, noutros de consellos de guerra nos que prevalecía a indefensión e a práctica do terrorismo de Estado.

O número de asasinados e asasinadas, que abarca o período 1936-1976, a día de hoxe é de 984 homes e mulleres pasados polas armas aínda que a lista non é definitiva, pois as investigacións continúan.

Estes homes e mulleres que viviron o terror imposto por unha ditadura atroz e sufriron persecución e represalias e que a pesar do enorme risco, loitaron e deron a vida polos valores democráticos, pola liberdade e en contra do fascismo, merecen o noso recoñecemento.

Mais o certo é que pese a terse aprobado de maneira reiterada en dous plenos municipais, 2017 e 2020, a proposta de erección dun Monumento que recolla os nomes e a cronoloxía dos asasinados polo franquismo, aínda estamos a agardar porque se de cumprimento aos referidos acordos por parte do concello de Ferrol.

Diante de esta desleixo, a Comisión Promemorial das Vítimas do franquismo, historiadores, familiares dos asasinados, axentes sociais e a cidadanía en xeral, esiximos **o cumprimento dos acordos do pleno do Concello e a construción xa do devandito monumento.**

Queremos deste xeito honrar a estas vítimas, os nosos concidadáns que loitaron pola xustiza, pola legalidade e a democracia.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG e o grupo municipal de FeC propoñen ao Pleno da corporación a adopción do seguinte **Acordo**:

1. O pleno do concello de Ferrol acorda instar ao Alcalde da cidade e ao goberno local á execución dun monumento ás vítimas do Franquismo onde se recollan os nomes e cronoloxía dos asasinados e das asasinadas, a situar na Rúa Navegantes nas inmediacións do antigo Cemiterio de Canido e no prazo de 6 meses a contar desde a súa aprobación plenaria.

Ferrol 26 de xullo de 2021

Iván Rivas Rico  
Portavoz Municipal do BNG

Jorge Suárez Fernández  
Portavoz Municipal de FeC

**Sr. Alcalde do Concello de Ferrol**